

**RECORDAMOS:**

- 1.- O alumnado deberá chegar ao centro á hora establecida para cada etapa. O alumnado de Educación Primaria que chegue máis tarde das 09:35h deberá acceder ao centro acompañado da persoa responsable que terá que asinar na conserxería o papel correspondente. Pregamos a máxima puntualidade.
- 2.- Co fin de facilitar a entrada e saída do recinto escolar, evitando riscos e/ou situacións de potencial perigosidade, os vehículos que circulen pola rúa de acceso ao colexio terán que facelo a velocidade moderada e atentos aos comportamentos, sempre imprevisibles, dos máis cativos/as. En calquera caso, non se deberá aparcar nos pasos de peóns nin na zona máis próxima ao valado que está reservada aos autobuses e moito menos na praza reservada para persoas con mobilidade reducida.
- 3.- Á chegada dos autobuses, pola mañá, o alumnado de Educación Infantil será conducido polo profesorado de garda ao corredor interior do colexio próximo á porta de entrada, onde esperarán, vixiados por un adulto, ata a hora de comezo das clases. Os alumnos/as de máis idade, que non deberían estar sós na escola antes da chegada do primeiro autobús (aproximadamente ás 9:10), esperarán na correspondente fila do pavillón.
- 4.- Cando un pai, nai, titor/a ou familiar dun alumno/a teña que recollelo do colexio durante a xornada lectiva, ten que acceder ao mesmo a través do portalón da parte superior polo que se entra ao módulo de dirección. Dirixirase á oficina da conserxe para solicitar que avisen ao alumno/a en cuestión e cubrirá o parte de saída que temos establecido por seguridade. Durante a xornada lectiva, as persoas alleas á actividade académica non pasarán ás aulas nin aos corredores da planta superior.
- 5.- Recordade que cando un alumno/a falte ás clases, a nai, pai ou titor/a ten que xustificar a devandita falta ante o titor/a. En calquera caso, sempre é conveniente informar ao profesorado dos cambios na rutina diaria.
- 6.- O respecto ás instalacións do colexio debería ser unha preocupación constante de toda a Comunidade Educativa co propósito de conseguir o contorno de convivencia que merecemos. Neste sentido, os adultos temos que ser activos e funcionar como modelos á hora de coidar e manter limpas as instalacións.
- 7.- En consecuencia, no recinto escolar non se pode entrar con animais, bicicletas, ciclomotores ou vehículos en xeral.
- 8.- Ante calquera dúbida ou aclaración sobre os aspectos organizativos e de funcionamento, non dubiden en poñerse en contacto co profesorado do seu fillo/a ou, de ser o caso, coa dirección do colexio. Estamos convencidos/as de que a educación é unha labor conxunta e no centro sempre atopará as portas abertas á cooperación.

**POR FAVOR**

**NA ENTRADA DO COLEXIO RESPETADE OS PASOS DE PEÓNNS E O APARCAMENTO RESERVADO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.**

Grazas por colaborar.